



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A CONSELLERÍA DE EDUCACION, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A POSTA EN MARCHA DA FASE 1 DUNHA REDE DE CALOR NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA

Na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia a Consellería de Política Social e Igualdade, na súa condición de presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) e no uso das atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia de acordo co disposto no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, na súa condición de presidenta da axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15707- Santiago de Compostela, facendo uso das facultades do seu





cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire o decreto 142/2016, de 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da axencia Instituto Enerxético de Galicia.

Doutra parte, Jorge Cubela López, na súa condición de alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, (en adiante, Axencia), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29.12.2000).

O artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, dispón que é *"a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na propia lei"*.

De conformidade co artigo 8 da Lei 11/2021 antes citada, *"a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á consellaría competente en materia de medio rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente"*.

O réxime xurídico interno da Axencia regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexeráse polo dereito privado, agás cando se exerzan potestades administrativas, caso en que se rexerá polo dereito público. Goza do tratamento fiscal aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.

As súas funcións e competencias están previstas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu Regulamento, e actos modificativos posteriores (artigo segundo da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural; apartado dous da disposición derradeira terceira da





Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; e artigo 7 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia).

No marco do seu ámbito competencial a Axencia desenvolve estratexias e proxectos que procuran un impacto directo e positivo no rural galego, como a mellora das infraestruturas, a creación de emprego e a dinamización do tecido produtivo local. O impulso do aproveitamento racional dos recursos naturais, como a biomasa forestal, encaixa coa aposta pola sustentabilidade e a transición enerxética, xerando enerxía limpa, reducindo o risco de incendios e promovendo a autosuficiencia das comunidades locais.

O proxecto, Interreg POCTEP ALDEALIX (2023-2026) busca poñer en valor e potenciar o uso de recursos forestais para xerar calor en pequenos núcleos do medio rural, mediante o impulso á creación de Comunidades Enerxéticas Locais baseadas en biomasa forestal.

Aldealix promove a creación dunha solución integral para o abastecemento de necesidades térmicas de vivendas e edificios públicos, mediante a creación de pequenas redes de calor no rural galego mediante o emprego de biomasa local que se xere localmente, á vez que se reduce o risco de lumes forestais. Así mesmo, o proxecto establece o fomento da bioenerxía en comunidades enerxéticas rurais mediante o impulso dunha rede transfronteiriza de asesoramento e formación de comunidades enerxéticas rurais.

Levaranse a cabo varios proxectos piloto en concellos de Galicia e Portugal que poderán funcionar como "demostrativos", para aprender sobre posibles formas xurídicas de organización, consumos e custos, tecnoloxías e maquinaria utilizadas, de forma que poidan visitarse por outras entidades e municipios interesados neste tipo de solucións, e aprender desta experiencia.

Un destes proxectos é o da rede de calor no concello de Cerdedo-Cotobade, que nesta primeira fase dará servizo diversos edificios do concello (CEIP San Xoan Bautista, Galiña Azul, vestiarios do pavillón municipal de deportes, aula taller e aula de música).

Segundo. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional A Consellería de Educación é responsable da planificación e coordinación dos recursos necesarios para o funcionamento dos centros escolares, así como da xestión das obras maiores e melloras estruturais. Pola súa parte, as entidades locais adoitan encargarse do mantemento ordinario, conservación e limpeza dos edificios escolares de titularidade municipal, actuando a Consellería en coordinación con estas para o desenvolvemento destas actuacións.

Terceiro. A Consellería de Política Social e Igualdade é a responsable da planificación, coordinación e xestión das escolas infantís da rede Galiña Azul, garantindo a súa organización, financiamento e supervisión, así como a execución das directrices autonómicas en materia de servizos sociais e atención á infancia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á





xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Cuarto. O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición á consellería competente en materia de enerxía, conforme o establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo. Entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestacións, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) mostra interese nos resultados que poida achegar o proxecto ALDEALIX, enmarcado no Programa Interreg POCTEP 2023-2026. Este proxecto impulsa comunidades enerxéticas locais baseadas en biomasa forestal e xeración fotovoltaica en zonas rurais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, co obxectivo de promover a autosuficiencia enerxética, reducir o risco de incendios forestais e fomentar o desenvolvemento económico local. As aprendizaxes derivadas dos proxectos piloto que se desenvolverán en municipios como o de Cerdedo-Cotobade en Galicia, serán de gran valor para o INEGA. Estes resultados contribuirán a reforzar as políticas públicas de transición enerxética, especialmente no ámbito da bioenerxía e a creación de comunidades enerxéticas rurais sostibles.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Quinto. O Concello de Cerdedo-Cotobade é socio do proxecto Interreg Poptec Aldealix, e un dos concellos nos que está previsto levar a cabo unha das instalacións piloto da rede de calor.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a establecer o marco de colaboración para poñer en marcha a fase I dunha rede de calor no concello de Cerdedo-Cotobade, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a execución dos traballos contemplados na primeira fase "Proxecto de





rede de calor con caldeira de biomasa para diversos edificios no concello Cerdedo-Cotobade",

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar no concello de Cerdedo-Cotobade para a execución do proxecto de rede de calor con caldeira de biomasa para diversos edificios no concello Cerdedo-Cotobade , comprenden:

- A instalación dunha central térmica que se localizará na rúa Fonte de Brandes, 15, concello de Cerdedo- Cotobade (Pontevedra), na parcela de titularidade municipal de referencia catastral 0294020NH5009S00010Y na que actualmente se sitúa o pavillón de deportes municipal para dar servizo a diversos edificios do concello (CEIP San Xoan Bautista, Galiña Azul, vestiarios do pavillón municipal de deportes, aula taller e aula de música).
- Dita central térmica constará dunha caldeira de biomasa de 500 kW de potencia instalada (para unha demanda térmica de 967 kW), instalada en edificio de 95,60 m² de superficie construída dividido en dous locais: un de almacenamento de biomasa (35,90 m²) e outro para sala de caldeira (59,70 m²).
- A sala de caldeiras albergará a caldeira co seu correspondente ciclón de fumes e sistema de extracción de cinzas, un depósito de inercia de 6.000 l e todos os accesorios e equipos necesarios para a xeración e distribución da calor: bomba do primario, bomba do secundario, vasos de expansión, tuberías de aceiro-carbono e cadros de control.
- Dende a sala de caldeiras partirá un circuíto de tubaxes plásticas preilladas (sistema DUO) que discorrerán en montaxe enterrada de zanja de 50 cm de ancho e 110 cm de alto sobre leito de area, por diversas leiras de titularidade municipal, por un camiño veciñal e pola rúa das Longas ata as diferentes salas de caldeiras de cada edificio ao que se lle dará servizo, onde se instalarán subestacións de transferencia en lugar das actuais instalacións.
- Especificacións da central térmica:
 - Aloxada nun edificio dunha soa planta composto por dous locais, un para sala de caldeira onde se aloxa o xerador término e todas as instalacións hidráulicas e un silo para almacenamento do biocombustible (astelas).
 - O silo será alimentado pola cuberta do edificio dende a rasante da rúa que coincide coa da propia cuberta ata unha plataforma situada a 5 m por baio da rasanta da dita rúa.
 - Para posibilitar dita alimentación proxéctase un muro de contención de formigón armado en dous tramos: o inferior cun espesor de 40 cm e altura de 2,5 m e o superior de altura variable e espesor de 30 cm. Os muros estarán cimentados sobre unha lousa de formigón armado que servirá de soporte para o pavimento do edificio.
O resto da estrutura do silo estará composta por unha lousa continua de formigón armado para a cuberta apoiada nas contencións e en pilares de formigón.
- Especificacións da sala de caldeiras:





- Terá unha altura menor e resolverase cunha estrutura metálica composta por pórticos transversais principais sobre os que se apoiarán correas para a fixación dun cerramento lixeiro.

Os cerramentos da fachada serán de bloque de formigón de 20 cm armados nos tendeles con fixacións aos elementos estruturais principais.

- Especificacións do silo e do suministro de astela:
 - O silo alimentarase por gravidade, polo que disporá dunha comporta hidráulica na súa cuberta; xusto debaixo dela instalarase unha estrutura de tramex para evitar caídas e acceso ao silo.
 - O interior do silo disporá dun sistema de alimentación rotativo con ballestas de 5,2 m de diámetro cun tornillo sinfín de sección 200 mm para transporte ata a caldeira.
 - O paso da astela dende o tornillo á caldeira será estanco e estará tomado con morteiro para manter a resistencia ao lume.
Nas súas tres fachadas, na súa parte superior, o silo dispón de ocos para a toma de aire protexidos con rejillas para evitar a condensación de auga e a formación de atmosferas explosivas.
- Especificacións da transferencia de calor:
 - O subministro de calor ás instalacións interiores dos edificios farase mediante a instalación de subestacións de transferencia de calor de dous tipos: compactas de montaxe mural para potencias de transferencia <100 kwh e de bastidor de aceiro para montaxe en solo para potencias >100 kwh.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

- 1. Da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**
 - Coordinar e garantir as actuacións necesarias para poñer en marcha a fase 1 dunha rede de calor no Concello de Cerdedo-Cotobade. Para iso poderá realizar unha licitación ou un encargo a medio propio de acordo co previsto na Lei de Contratos do Sector Público..
 - Achegar 246.442,63 € para o financiamento das actuacións.
- 2. Da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**
 - Facilitar as xestións necesarias para poder levar a cabo as actuacións previstas no marco desta iniciativa nos centros públicos da súa competencia.
 - Achegar 50.000,00 € para o financiamento das actuacións.
- 3. Do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**
 - Facilitar as xestións necesarias para poder levar a cabo as actuacións previstas no marco desta iniciativa nos centros públicos da súa competencia.
 - Asumir os custos de mantemento e servizo para os centros da súa competencia aos que lle dá servizo a central.
 - Achegar 50.000,00 € para o financiamento das actuacións.
- 4. Do Instituto Enerxética de Galicia:**





- Asesorar nos aspectos técnicos necesarios para a preparación e execución do proxecto. Achegar 120.000,00 € para o financiamento das actuacións

5. Do concello de Cerdedo-Cotobade

- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, os terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levalas a cabo.
- Renunciar expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.
- Levar a cabo todas as xestións técnicas e administrativas no concello necesarias para o desenvolvemento da iniciativa.
- Asumir a posta en funcionamento e a xestión da central de calor unha vez se recepcione a obra, facéndose cargo dos gastos de explotación, mantemento e conservación da mesma.
- Achegar 50.000,00 € para o financiamento das actuacións.

CUARTA.- Financiamento

1. O gasto total das actuacións do proxecto "Proxecto de rede de calor con caldeira de biomasa para diversos edificios no concello Cerdedo-Cotobade. FASE 1" a desenvolver no marco do presente convenio, de acordo co orzamento de execución por contrata previsto no Anexo I, ascende a **cincoentos dazaseis mil catrocentos corenta e dous con sesenta e tres céntimos (516.442,63 €)** que serán asumidos polas partes no importe que se indica a continuación:

• Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	246.442,63 €
• Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUP).....	50.000,00 €
• Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	50.000,00 €
• Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)	120.000,00 €
• Concello de Cerdedo-Cotobade	50.000,00 €
TOTAL	516.442,63 €

2. A achegas dos departamentos implicados realizaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para as anualidades 2025 e 2026

Entidade	2025	2026	TOTAL
----------	------	------	-------





Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.604.0 Código de proxecto 2019-00003	49.932,79 €	196.509,84 €	246.442,63 €
INEGA Aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 Código de proxecto 2016-00010	60.000,00 €	60.000,00 €	120.000,00 €
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Aplicación orzamentaria 07.01.422A.760.0 Código de proxecto 2022 00079	15.000,00 €	35.000,00 €	50.000,00 €
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar 08.90 312B 6220 Código de proxecto 2025 00003	15.000,00 €	35.000,00 €	50.000,00 €
Concello Cerdedo-Cotobade Aplicación orzamentaria 920.623 Código de proxecto 432025	15.000,00 €	35.000,00 €	50.000,00 €

A execución das actuacións realizarase coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 30% do investimento total: 154.932,79 €
- Anualidade 2026: 70% do investimento total: 361.509,84 €

3. A distribución das anualidades fixadas poderá modificarse logo da solicitude da Axencia na cal se motive suficientemente a alteración, atendendo ás disponibilidades orzamentarias, e mediante resolución motivada da directora deste ente. A reasignación deberá solicitarse no prazo de dous meses antes do vencemento da correspondente da primeira anualidade.

4. A firma do presente convenio de colaboración implica o compromiso firme da achega por parte de cada unha das entidades asinantes. Cada achega anual realizarase no primeiro trimestre cada exercicio, agás o primeiro que se realizará trala formalización do convenio nun prazo máximo de dous meses.

5. O importe correspondente á achega do INEGA, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Consorcio Galego de Servizos Igualdade e Benestar será obxecto de retención de crédito para a súa posterior baixa e ampliación no orzamento da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

6. O concello de Cerdedo-Cotobade transferirá á Tesourería da Comunidade Autónoma o importe de 15.000,00 € dentro dos quince días posteriores á sinatura do presente convenio. O importe correspondente á anualidade 2026 (35.000,00 €) deberá transferirse antes do 31 de marzo de 2026. Para estes efectos, o concello de Cerdedo-Cotobade asumirá o compromiso de dispor nos seus orzamentos o crédito adecuado e





suficiente para cumprir co disposto nesta cláusula, que deberá certificar o órgano desentidade competente en materia de contabilidade. Este importe incorporárase aos orzamentos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural logo de tramitar o oportuno expediente de xeración de crédito.

7. Todos os importes anteriores, serán ampliados no orzamento de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na aplicación orzamentaria 15.A1.712A.604.0, código de proxecto 2019-00003 "Infraestruturas de servizos á poboación rural", dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.

QUINTA. Xustificación.

1. Antes do vencemento de cada anualidade, a Axencia deberá xustificar os gastos realizados en desenvolvementos das actuacións obxecto deste convenio. A xustificación das actuacións por importe inferior as anualidades previstas nesta cláusula, sen solicitar a reasignación dos créditos, implicará a minoración proporcional do importe do financiamento.

2. Antes do vencemento da vixencia do convenio, a Axencia porá a disposición das entidades asinantes do convenio un certificado xustificativo da execución dos traballos contemplados na primeira fase "Proxecto básico de rede de calor con caldeira de biomasa para diversos edificios no concello Cerdedo-Cotobade onde se establezan as condicións de execución finais do proxecto, e que reflicta o importe final do investimento trala execución das actuacións.

3. As partes asinantes do convenio resérvanse o dereito de solicitar toda a información que consideren precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

SEXTA.- Recepción das obras

Unha vez que a Axencia reciba provisionalmente as obras, parao en coñecemento das entidades que subscriban o convenio, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga do concello de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

SÉTIMA.- Mantemento e operación da Infraestrutura

O Concello de Cerdedo – Cotobade asume o seu mantemento e operación da rede de calor. Comprométese a utilizar a infraestrutura exclusivamente para a subministración de calor con biomasa ás instalacións definidas neste convenio. Así mesmo o concello deberá respectar os principios de interese xeral e eficiencia enerxética.





Realizará o mantemento ordinario, vixilancia e operación funcional da rede de calor evitando a obtención de ingresos indebidos. Se os ingresos superan os custos de explotación, debe establecerse un mecanismo de reinvestimento social.

Deberá facilitar o acceso ás instalacións ao persoal técnico designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a realización de auditorías ou inspeccións.

O Concello poderá concertar convenios con terceiros para colaborar no funcionamento da rede, sen que iso supoña transferencia de titularidade. Para a explotación do servizo, deberase seguir o disposto na Lei de contratos do sector público.

OITAVA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como na Comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade e rexistro do Convenio

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten no convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro)

As partes asinantes consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto)

DÉCIMA.- Natureza xurídica e Xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público

As dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación deste convenio e que non fosen resoltas pola Comisión de seguimento resolveranse polas normas aplicables en dereito e serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia





O período de vixencia deste convenio será de dous anos dende a súa sinatura. As actuacións para a posta en marcha da fase 1 da rede de calor executaranse en 2025 e 2026.

En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poden acordar unanimemente a prórroga por un período de ata dous anos adicionais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constitúese unha comisión de seguimento que estará integrada polas seguintes persoas:

- Por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural: a persoa titular da Subdirección de Promoción Internacional e Rural Intelixente;
- Por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade;
- Por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Por parte da Consellería de Educación;
- Por parte do Instituto Enerxético de Galicia

Esta Comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución.
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes

DÉCIMO TERCEIRA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.- Extinción do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos.





Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

DÉCIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente acordo e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO SEXTA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse de xeito electrónico coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e todas se someten ao acordado en todas as estipulacións. E en proba de conformidade, asínase este presente convenio na data que figura no mesmo.

Pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación





María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

Profesional
Román Rodríguez González

Polo Consorcio Galego de Servizos de
Igalade e Benestar
Fabiola García Martínez
Presidenta do Consorcio Galego de
Servizos de Igualdade e Benestar

Polo Instituto Enerxético de Galicia
María Jesús Lorenzana Somoza
Presidenta do Instituto Enerxético de
Galicia

Polo concello de Cerdedo Cotobade
Jorge Cubela López





ANEXO I
Orzamento xeral

Capítulo	Resumen	Porcentaxe	Importe
1	Fase I:Central térmica e colexio	100%	374.562,07 €
	Custes directos totais		374.562,07 €
	6,70 % Custes indirectos s/ 374.562,07		25.095,66 €
	4,57 % Gastos xerais s/399.657,73		18.264,36 €
	Orzamento de Execución Material (OEM)		417.922,09 €
	Asistencia técnica á Dirección de Obra		8.890,00 €
	21 % IVE		89.630,54 €
	Orzamento de execución por administración (OEA)		516.442,63 €

